

Unidade 8. Que ocorre?

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Tik e Tak son dous esquíos. No idioma propio da Laponia finesa significan Alegre e Veloz. Alá vivían os dous ledos e felices nun gran bosque.

Aínda que non tiñan queixa da vida que levaban, eran moi inqedos de corpo e espírito. Tik tiña toleria polas viaxes e Tak era un namorado do sol.

Ocorreu que, un día, chegou unha cuadrilla fragueira ata o piñeiro onde os esquíos tiñan casa de seu, feitaña e ben posta; e botou abaixo aquela árbore. E con ela todas as provisións para o inverno, que estaba preto.

Non lles quedou mais remedio que seguir ao camián madeireiro.

Esgotadiños chegaron a un serradoiro inmenso. Unha grandísima factoría madeireira. Aquilo poñía medo. Os esquíños sentían como lles tremía todo o corpo.

Calquera daría a volta ante aquel brutal ambiente industrial. Pero os esquíos non. Eles tiñan que recuperar a súa despensa, pois diso dependía a súa vida.

Ao pé do serradoiro había un pequeno peirao onde se ía cargando a madeira. Cando Tik o viu, suspirou fondamente, sorriu para si e quedou encantado mirando para aquel barco.

—Mira, Tak —exclamou todo contento—. Mira o que hai aí! Tak só reparaba na descarga das toradas do seu piñeiro e matinaba na maneira de poderen sacar de alí todas as súas cousas.

—Velaí o que nos convén, un barco para ir nel a onde queira que nos leve. Os barcos que levan madeira van sempre ao sur. E ben se sabe que o lugar onde máis quente o sol é o sur.

—Imos xuntos? —dixo Tak.

—Imos! —respostou Tik.




Manuel RIVEIRO LOUREIRO

Unidade 8. Que ocorre?

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

1. Relaciona cada personaxe cos seus soños e ambicións.



2. Contesta as seguintes preguntas.

- Onde vivía os esquíos?

Na Laponia finesa.

- Como era a súa casa?

Feitiña e ben posta.

- Que significa «torada»?

Tronco dunha árbore cortado polos extremos, sen raíz e sen pólas.

3. Ordena as secuencias.

Os esquíos seguen o camión madeireiro. 4

Tik e Tak viven felices no seu piñeiro. 1

A cuadrilla bota abaixo a casa dos esquíos. 2

Deciden embarcar á aventura. 3

Chegan ata o peirao, onde hai un barco. 5

4. Que quere dicir «eran inquedos tanto de corpo coma de espírito»?

Que eran moi bulideiros, facían e pensaban moitas cousas.

5. Por que é tan importante a despensa para os esquíos?

Porque a necesitan para o inverno.

6. Onde cres que chegaron Tik e Tak? Escribe un breve relato.

Resposta libre.

Unidade 8. Que ocorre?

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

7. Escribe o significado das seguintes palabras.

- Antepeito:

Pareda que pecha a parte inferior dunha ventá.

- Destellar:

Tirar as tellas a un edificio.

- Submersión:

Acción de somerxerse.

8. Escribe a familia léxica de:

- Peito → peitoril, peituga, peitudo.
- Tella → tellado, tellar, tellón.
- Somerxer → somerxible, somerxido, submersión.

9. Escribe unha oración con cada unha das palabras do exercicio anterior. Resposta libre.

- _____
- _____
- _____

10. Forma palabras engadindo os prefixos des-, ante- e sub-.

descoser

subtítulo

descoñecer

antemán

subliña

antepasado

desinchar

antepoñer


desmontar

destinguir

anteollos

subsecretaria

11. Une para relacionar a palabra coa súa definición.



Unidade 8. Que ocorre?

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

12. Le este artigo de opinión sobre a película *O Rei León*.



[...] A película do «Rei León» é unha auténtica marabilla visual e narrativa. A súa asombrosa animación tradicional, os seus variados encantadores e cativadores personaxes, a súa beleza cinematográfica escenográfica, a súa magnífica música e entrañable historia convértena nun clásico. [...]

A. LÓPEZ

13. Contesta as seguintes preguntas.

- Sobre que está opinando o autor do artigo?

Sobre unha película de animación, O Rei León.

- Cres que lle gustou a película?

Si.

- Escribe a oración coa que cualifica a película.

A película O Rei León é unha auténtica marabilla, visual e narrativa.

- Coñeces a película do Rei León? Cres que ten razón o autor do artigo?

Resposta libre

14. Elixo unha película, un libro ou un videoxogo e escribe un artigo de opinión.

Resposta libre.